

## **Resolución do 15 de abril de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se convoca a selección de centros que participan no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2024/25**

O desenvolvemento da competencia dixital non se acada co simple uso de ferramentas senón que hai que promover o uso crítico, creativo e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación, é por iso que as TIC non poden ser introducidas como un fin en si mesmo senón como un medio a través do cal se produza un cambio na metodoloxía no proceso de ensino-aprendizaxe.

Neste sentido, a Comunidade Autónoma de Galicia desenvolveu por medio do Proxecto Abalar desde o curso 2010/11 un proceso de incorporación das novas tecnoloxías ao sistema educativo en todos os seus ámbitos, proceso entroncado na estratexia xeral de incorporación de Galicia á Sociedade da Información e do Coñecemento e nos seus programas transversais de desenvolvemento e promoción das tecnoloxías da información e da comunicación.

No curso 2014/15 naceu o proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal) como proxecto experimental coa intención de proporcionar aos centros educativos dentro do Proxecto Abalar unha proposta integral para facilitar o desenvolvemento de proxectos de educación dixital, mediante a incorporación de materiais dixitais en 5º e 6º de educación primaria e en 1º e 2º da ESO.

En aras de garantir a continuidade do proxecto na etapa de ensino secundario obrigatorio, e ante a demanda xeneralizada do alumnado e dos centros participantes no proxecto, a iniciativa estendeuse aos cursos de 3º e 4º de ESO durante o curso 2021/22, mediante a incorporación de equipamento, e materiais dixitais a estes cursos.

A incorporación das TIC á educación, en xeral, e aos procesos de ensino-aprendizaxe, en particular, é xa unha realidade en Galicia e móstrase como unha peza fundamental para producir o cambio metodolóxico que leve a conseguir o obxectivo dunha mellor calidade educativa. En efecto, os recursos dixitais non só fan accesibles os contidos necesarios para o proceso educativo nunha presentación distinta da tradicional, de libro en papel a libro con contido dixital, senón que proporcionan novas oportunidades para un maior desenvolvemento das competencias clave para o alumnado e para o desenvolvemento de novas metodoloxías docentes, máis acordes coa transformación educativa en marcha.

A importancia de incluír unha estratexia dixital a través dos plans dixitais dos centros reflíctese, nos Decretos 155/2022 e 156/2022 que desenvolven respectivamente os currículos de educación primaria e de educación secundaria e tamén no resto de normativa de desenvolvemento curricular en Galicia.

O programa diríxese aos centros cunha cultura dixital afianzada como parte do seu proxecto educativo, apoiado e coñecido pola comunidade educativa, e, en especial, polas familias que se verán beneficiadas cunha maior alfabetización dixital na súa contorna próxima. Por outra banda, posibilitarase un maior aproveitamento dos recursos dixitais dispoñibles e a súa adecuación e, no seu caso, actualización ás necesidades cambiantes tanto a nivel de hardware como de software que a sociedade da información esixe no seu continuo avance.



Dado que o efectivo aproveitamento do programa, require da dispoñibilidade dunha conectividade á rede axeitada e de aulas dixitalizadas cos recursos necesarios para o desenvolvemento dunha educación dixital, considéranse centros e aulas Abalar, aqueles que dispoñen de aulas cunha conexión de datos e elementos do kit de aula dixital: portátil de aula, panel dixital interactivo ou EDI e proxector.

Ademais, de xeito simultáneo, séguese a traballar constantemente na ampliación do repositorio de contidos do espazo Abalar, que actualmente supera os 3.000 recursos, así como na posta a disposición de materiais dixitais de ensino, aprendizaxe e investigación cunha licenza aberta que permite o seu uso, adaptación e redistribución por parte do profesorado.

Para seguir avanzando na dixitalización do sistema educativo galego e, de xeito especial, na mellora da competencia dixital do alumnado e co fin de convocar os centros ao proxecto de Educación Dixital (E-Dixgal), enmarcado na Estratexia de Galicia Dixital 2030 da Xunta de Galicia, na Estratexia Educación Dixital 2030 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e no Proxecto Abalar,

RESOLVO:

### **Primeiro. *Obxecto***

A presente resolución ten por obxecto convocar e establecer as bases para a selección de centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que participen no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2024/25.

### **Segundo. *O proxecto Educación Dixital***

O proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) ten como obxecto favorecer o desenvolvemento de proxectos integrais de educación dixital, facilitando aos centros a dispoñibilidade de libros dixitais e doutros materiais dixitais cos que poidan desenvolver o seu proxecto curricular de 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º, 3º e 4º da ESO durante o curso 2024/25.

Os centros adscritos a este proxecto, contarán coa conexión á rede axeitada, os medios tecnolóxicos necesarios na aula para o profesorado e alumnado, e terán acceso a unha contorna virtual de aprendizaxe cos contidos gratuítos proporcionados pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional. Os centros deberán utilizar para o desenvolvemento curricular materiais de referencia dixitais, que poden proceder desta contorna e/ou ser proporcionados polo centro. Se o centro conta con libros e outros materiais didácticos dixitais poderán empregarse como complemento ou apoio.

### **Terceiro. *Destinatarios***

Poderán participar no procedemento de selección desta convocatoria os centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional que impartan no curso 2024/25 ensinanzas de 5º ou 6º de educación primaria e/ou 1º, 2º, 3º ou 4º da ESO.



#### **Cuarto. Requisitos dos centros educativos**

1. Para que un centro poida participar neste proceso de selección é necesario que cumpra os seguintes requisitos:

1.1. Presentar un proxecto segundo o guión establecido no apartado sexto.

1.2. Asumir o compromiso de utilizar materiais de referencia dixitais para o desenvolvemento curricular, segundo o seguinte calendario:

1.2.1. No caso de centros de nova incorporación que impartan educación primaria, no curso 2024/25 en 5º curso, estendendo o seu uso dos materiais no curso 2025/26 a 5º e 6º cursos.

1.2.2. No caso de centros de nova incorporación que impartan ESO, no curso 2024/25 en 1º da ESO, estendendo o seu uso dos materiais no curso 2025/26 a 1º e 2º da ESO, no curso 2026/27 a 1º, 2º e 3º da ESO, e no curso 2027/28 a 1º, 2º, 3º e 4º da ESO.

1.2.3. No caso dos centros que contan con E-Dixgal en 1º e 2º da ESO no curso actual, estendendo o seu uso dos materiais no curso 2024/25 a 1º, 2º e 3º da ESO e no curso 2025/26 a 1º, 2º, 3º e 4º da ESO (centros de ampliación a 3º e 4º da ESO).

1.2.4. Poderase adiantar a incorporación dos cursos ao proxecto baixo petición motivada do centro educativo.

1.3. O centro deberá contar con aulas dixitalizadas (cos elementos do kit de aula dixital: panel dixital ou EDI e proxector, equipo no posto da persoa docente e conexión á rede de datos do centro) en todas as aulas implicadas no programa, así como unha conexión de datos cunha velocidade nominal mínima de baixada de 100 Mbps.

1.4. No caso dos centros que se incorporen na etapa de educación primaria, deberán impartir todas as áreas-con materiais de referencia dixitais.

1.5. Nos centros que se incorporen na etapa de educación secundaria obrigatoria, todo o alumnado deberá recibir un mínimo de seis materias a través de materiais de referencia dixitais (materias E-Dixgal) a elección do centro. Para este cómputo, aínda que poderán ser seleccionadas como materias E-Dixgal, non se terán en conta as que teñan 1 ou 2 sesións lectivas á semana, agás a materia da Segunda lingua estranxeira, así como as materias de 3º da ESO Física e Química e Bioloxía e Xeoloxía.

2. A participación neste proxecto pode ser causa de exclusión noutras axudas ou subvencións para o mesmo fin convocadas pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.



### **Quinto. Continuidade e compromiso de permanencia dos centros no proxecto E-Dixgal**

1. Os centros de nova incorporación manterán o programa durante catro cursos académicos, unha vez completada a implantación do proxecto na/s etapa/s educativa/as que corresponda/an.
2. Os centros que teñan vixente o compromiso de permanencia, consideraranse automaticamente prorrogada a súa participación no proxecto e non precisarán realizar unha nova solicitude.
3. No caso dos centros que rematen o seu compromiso de permanencia neste proxecto, renovarán este compromiso de forma automática, sen ter que facer unha nova solicitude, durante catro cursos académicos consecutivos máis, salvo renuncia expresa por parte do Claustro e do Consello Escolar.

### **Sexto. Requisitos do proxecto**

O proxecto contará cos seguintes apartados:

- a) Breve introdución descritiva do contexto do centro.
- b) Xustificación da solicitude.
- c) Obxectivos.
- d) Tecnoloxía e velocidade da conexión á rede do centro educativo.
- e) Compromiso de que as aulas que se van empregar no programa son aulas dixitalizadas (cos elementos do kit de aula dixital: panel dixital interactivo ou EDI e proxector, equipo no posto do/a docente, cobertura Wifi suficiente para todos os equipos, e conexión á rede de datos do centro e a Internet).
- f) Experiencia educativa coas TIC no centro.
- g) Modelo organizativo e metodolóxico previsto para o desenvolvemento do proxecto e para garantir a súa continuidade.
- h) Designación da persoa coordinadora do proxecto. A designación realizarase preferentemente entre o profesorado definitivo do centro, asignando horas dentro do seu horario lectivo e/ou complementario, en número suficiente para as funcións propias, aproveitando as marxes que ofrece a actual configuración do réxime horario do profesorado. Para a realización da proposta debe terse en conta que se valorará a experiencia da persoa proposta no emprego e dinamización das TIC.
- i) Nome das materias E-Dixgal, no caso de proxectos para educación secundaria obrigatoria.



- l) Procedemento de avaliación interna do desenvolvemento do proxecto, especificando os indicadores de logro vinculados aos obxectivos propostos.
- m) Datos da aprobación no Claustro do profesorado e no Consello Escolar do proxecto de participación do centro educativo no programa E-Dixgal.
- n) Calquera información que se estime relevante e que poida ser tida en conta para a selección do centro.
- ñ) No caso dos centros contemplados no apartado cuarto, punto 1.2.3, o proxecto contará cos apartados i), m) e n).

### **Sétimo. *Compromisos dos centros educativos***

Os centros educativos que sexan seleccionados mediante esta resolución deberán asumir, polo menos, os seguintes compromisos:

- a) Desenvolver o programa segundo as pautas establecidas no proxecto presentado, que se incorporará ao proxecto educativo do centro.
- b) En colaboración coa Administración educativa, realizar unha adecuada divulgación da iniciativa entre toda a comunidade educativa, con especial incidencia no alumnado e nas familias, de xeito que se achegue a información necesaria e se realice a adecuada sensibilización en relación con este programa.
- c) Realizar un seguimento periódico das actuacións previstas no programa.
- d) No caso do profesorado implicado, da persoa coordinadora E-Dixgal e do equipo directivo, segundo corresponda, deberá participar nas actividades de formación vinculadas ao proxecto que se planifiquen tanto desde o centro como desde a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.
- e) Garantir a participación activa da persoa coordinadora E-Dixgal e dalgún membro do equipo directivo nas reunións de traballo que desde a Administración educativa se establezan.
- f) No caso da comunidade educativa, participar activamente no deseño, aplicación e avaliación das actuacións previstas no programa.
- g) Manter o programa durante catro cursos académicos, unha vez completada a implantación do proxecto na/as etapa/as educativa/as que corresponda/an.
- h) No caso do profesorado participante, comprometerse a participar na formación específica que se oferte dentro do programa.
- i) A formación no centro articularase obrigatoriamente no marco dos Plans de



Formación Permanente do Profesorado só para centros de nova incorporación e aqueles que o soliciten, para o que recibirán o asesoramento da Rede de Formación do Profesorado.

l) Declarar polos medios que se indiquen as materias E-Dixgal no caso dos centros que participan na ESO, así como as materias para as que se utilizará libro de texto ou calquera material complementario dixital ou non, en todo caso todo o relacionado con materiais de referencia para o desenvolvemento curricular que non estea integrado na contorna virtual de aprendizaxe proporcionado pola Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

m) Colaborar na detección e difusión, en colaboración coa Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e AMTEGA, das boas prácticas para a educación dixital tanto a niveis formativos como de divulgación e comunicación.

### **Oitavo. Actuacións da Administración educativa**

A Administración educativa desenvolverá nos centros seleccionados mediante esta resolución as seguintes actuacións:

a) Asesoramento e apoio do persoal asesor da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e, de ser o caso, das persoas integrantes dos equipos ADIX.

b) Asesoramento e apoio en materia de formación do profesorado da Rede de Formación do Profesorado.

c) Asesoramento e asistencia técnica da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e das persoas asesoras Abalar de zona.

d) Potenciación do traballo en rede dos centros e profesorado para o intercambio de coñecementos e experiencias.

e) Seguimento e apoio a través dos servizos de Inspección Educativa.

f) Difusión das boas prácticas que se desenvolvan nos centros educativos, entre outros medios, mediante canles institucionais como a rede de formación permanente do profesorado ou plataformas colaborativas como espazoAbalar.

g) Actualización, de ser o caso, dos recursos e equipamento vencellados ao proxecto.



### **Noveno. *Proceso de solicitude e prazo de presentación***

1. Todo o procedemento de solicitude para os centros contemplados no apartado cuarto realizarase única e exclusivamente a través da aplicación informática:

<https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/>

Antes da realización da solicitude, deberá ser aprobado no Claustro do Profesorado e no Consello Escolar o proxecto de participación do centro educativo.

A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen teña o permiso para creación e presentación da solicitude na aplicación informática mencionada. O documento que recolla a solicitude de cada centro xerado por esta aplicación non ten que remitirse por outra vía e será custodiado no centro como xustificante.

Nesta solicitude incluírase a información do proxecto especificada no apartado sexto, segundo o caso.

2. Presentada a solicitude, examínase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, requírase ao solicitante para que emende e/ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requirimentos da convocatoria.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será de dez días naturais desde o día seguinte ao da publicación da resolución desta convocatoria no Portal Educativo (<https://www.edu.xunta.gal/portal/>).

4. Os centros de continuidade especificados no apartado quinto, non necesitan facer solicitude mediante o procedemento contemplado neste apartado, salvo que soliciten adiantar a incorporación de cursos.

### **Décimo. *Selección dos centros***

1. Criterios de selección para os centros de nova incorporación para educación primaria e/ou educación secundaria obrigatoria e número de centros:

a) A valoración das solicitudes presentadas realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

1) Viabilidade do proxecto de centro e das súas condicións tecnolóxicas: ata 30 puntos.

2) Grao de implicación da comunidade educativa manifestado por medio do apoio recibido por parte do Claustro do profesorado e do Consello Escolar: ata 30 puntos.

3) Nos centros que soliciten o ingreso en educación secundaria obrigatoria, número de sesións lectivas á semana das materias E-Dixgal: ata 40 puntos.



b) Seleccionaranse un máximo de 20 centros de nova incorporación. Na selección de centros procurarase manter a proporcionalidade existente entre centros segundo a súa titularidade.

2. Non se seleccionarán centros cuxa valoración non acade unha mínima puntuación de 50 puntos no caso de secundaria e de 30 no de primaria, para garantir a calidade dos proxectos.

3. Comisión de selección.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional seleccionará os centros que se integrarán no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) no curso 2024/25 mediante unha comisión coa seguinte composición:

- Presidente: Persoa directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.

- Vogais:

- Persoa directora da Área de Solucións Tecnolóxicas Sectoriais da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) ou persoa en quen delegue.
- Persoa subdirectora xeral de Ordenación, Inclusión e Innovación Educativa ou persoa en quen delegue.
- Persoa subdirectora xeral de Centros ou persoa en quen delegue.
- Persoa subdirectora xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo ou persoa en quen delegue.
- Unha persoa xefa de servizo de Innovación e Programas Educativos ou persoa en quen delegue.
- Dúas persoas xerentes de proxectos de Educación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) ou persoas en quen deleguen.
- Unha persoa asesora da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa que desempeñará a función de persoa secretaria

4. Proceso de selección

A comisión de selección, para os efectos dun mellor coñecemento e valoración das solicitudes, poderá realizar peticións de informes, por medio da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, á Inspección educativa ou aos técnicos da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

A comisión valorará as solicitudes presentadas de conformidade cos criterios de selección, establecidos no apartado décimo e, no prazo máximo dun mes, que se computará a partir do día en que finalice o prazo de presentación das solicitudes, fará pública a resolución provisional de centros participantes no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2024/25, que se difundirá no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal>.

A publicación abrirá un prazo de tres días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias que se dirixirán á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<http://sede.xunta.gal>) a través do





formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación "E-Dixgal". Para a presentación destas solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Transcorrido o prazo de reclamacións e renuncias, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas, a comisión de selección elevará a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que resolverá a relación final de centros seleccionados.

A resolución definitiva dos centros participantes no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) durante o curso 2024/25 publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.gal> e no *Diario Oficial de Galicia*.

Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no Portal Educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

As solicitudes consideraranse desestimadas de non quedar resolta a convocatoria no prazo de cinco meses desde a data de publicación desta resolución.

### **Décimo primeiro. *Avaliación***

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) realizarán un seguimento e unha avaliación da implantación e desenvolvemento do proxecto nos centros adscritos ao proxecto Educación Dixital (E-Dixgal).

O incumprimento das condicións e dos compromisos recollidos nesta resolución poderá ocasionar a exclusión do centro do proxecto.

### **Décimo segundo. *Recoñecemento***

O profesorado que participe activa e regularmente no proxecto a través do Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) e que imparta materias E-Dixgal, e despois de ter sido sometido a valoración derivada do uso do mesmo na súa tarefa diaria co seu alumnado, recibirá unha certificación como actividade de innovación educativa, cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado. No caso da persoa coordinadora do proxecto E-Dixgal esta certificación terá unha equivalencia de 50 horas.



### **Décimo terceiro. Difusión dos traballos**

A Xunta de Galicia resérvase o dereito de difundir os traballos e experiencias realizados no desenvolvemento do proxecto polos centros adscritos ao proxecto Educación Dixital (E-Dixgal).

### **Décimo cuarto. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal**

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.
2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.
3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.
4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán, en todo caso, aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

### **Disposición adicional primeira**

A selección do centro para participar no proxecto Educación Dixital (E-Dixgal) pode dar lugar a cambio dos libros de texto segundo o punto 2 da Orde do 29 de maio de 2013 pola que se determina o período de vixencia dos libros de texto e demais materiais curriculares.

### **Disposición adicional segunda**

No caso de que o número de centros con valoración favorable de proxecto supere os límites establecidos no apartado décimo 1.b), a comisión de selección poderá realizar unha proposta superior ao dito límite xustificada na viabilidade dos proxectos e dentro dos límites tecnolóxicos da plataforma que dea soporte ao Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA) e dos recursos tecnolóxicos e formativos dispoñibles.

Asinado electronicamente.

A Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa  
Judith Fernández Novoa

Edificio Administrativo  
San Caetano, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
[www.edu.xunta.gal](http://www.edu.xunta.gal)

